

ASISTENTES

Alonso Gómez, José Lorenzo
Alonso Vega, M^a Flora
Álvarez Álvarez, M^a Salomé
Álvarez Cerviño, Sara
Álvarez González, Susana
Álvarez Moreira, José Ángel
Álvarez Villamarín, José Carlos
Andión Rodríguez, M^a Nuria
Araujo Nespereira, Pedro Antonio
Arévalo Tomé, Raquel
Barreiro Crespo, Juan Manuel
Blanco Sierra, Javier
Bolaño García, Sandra
Boutinguiza Larosi, Mohamed
Bravo Bosch, M^a José
Bringas López, Ana María
Caeiro Rodríguez, Manuel
Cancela Carral, M^a de los Angeles
Cebro Rodríguez, Xoán Manuel
Chapela López, Sergio
Cid Fernández, Xosé Manuel
Comesaña Benavides, José Antonio
Conde Casas, M^a Pilar
Corbacho Valencia, Juan Manuel
Couto Darriba, Jesús
Cuiñas Gómez, Iñigo
Currás Valle, M.^a Consuelo
Davila Segade, Ruth
Díaz Pereira, M^a del Pino
Diz Folgar, Manuel
Dopico Castro, Marcos
Doval Ruiz, M^a Isabel
Esparís Matanza, Santiago
Fariña Rivera, Francisca
Fernández Barciela, Mónica
Fernández Fdez., Federico A.
Fernández González, María
Fernández Simoes, Miguel
Fernández Souto, Ana Belén
Formella, Arno
García Eirín, José Manuel
García Estévez, José Manuel
García González, Silvia
Goicoechea Castaño, M^a Iciar
González Penín, Ana Isabel
Graña Sánchez, Andrés Lois
Hervés Estévez, Javier
Lago Ferreiro, Alfonso
López Ardao, José Carlos
López Escobar, Juan José
López Lago, Marcos
Losada Barreiro, Sonia
Macías Cambra, Henrique
Martínez Piñeiro, Manuel
Mejuto Fernández, J. Carlos
Méndez Martínez, Gonzalo Benito
Méndez Reboredo, José Ramón
Mollinedo Lois, Carlos
Montero Reguera, José Francisco
Moure Rodríguez, M^a José
Nombela Castaño, Miguel Angel
Nóvoa Rodríguez, Ramón
Pardo Froján, Juan Enrique
Patiño Vilas, David
Paz Penín, Concepción
Peña Gallego, M.^a Ángeles
Pérez Cota, Manuel
Pérez Diz, Angel Eduardo
Pérez Rodríguez, M^a Rosa
Pérez Vázquez, M.^a Consuelo
Porteiro Fresco, Jacobo
Ramos Vázquez, Antonio Manuel
Reboreda Morillo, Susana
Reigosa Roger, Manuel J.
Rey Fraile, Manuel Ángel
Río Otero, Coral del
Riobóo Lois, Alexo Breogán
Ríos Santomé, M.^a José
Rivera Vázquez, Noelia M.

Acta da sesión ordinaria do Claustro Universitario da Universidade de Vigo do día 22 de decembro de 2023, convocada ás 09:30 h en primeira convocatoria e ás 10:00 h en segunda no Paraninfo da Universidade de Vigo.

Previamente á sesión, a Mesa do Claustro sortea a letra para a quenda de intervencións: letra G.

Ás 10:00 h do día 22 de decembro de 2023 deu comezo a sesión ordinaria do Claustro Universitario co obxecto de tratar a seguinte orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do 12 de xullo de 2023.
2. Informe do reitor.
3. Informe anual do reitor, en cumprimento do artigo 30 b) dos Estatutos da Universidade de Vigo.
4. Informe sobre as liñas orzamentarias para o ano 2024.
5. Aprobación, se procede, da corrección de erros dos artigos 54 e 55 do Regulamento sobre a avaliación, a calificación e a calidade da docencia e do proceso de aprendizaxe do estudantado.
6. Informe de seguimento e avaliación anual do Plan Estratéxico da Universidade de Vigo.
7. Informe sobre a transparencia na Universidade de Vigo correspondente ao ano 2022.
8. Elección de membros da Comisión de Estatutos:
 - 1 representante elixido polo sector do Claustro do PDI-A.
 - 6 representantes elixidos polo sector do Claustro do estudantado.
 - 1 representante elixido polo sector do Claustro do PAS.
 - 2 representantes elixidos polo sector do Claustro do PDI-B.
9. Elección, entre todos os membros da comunidade universitaria, dos membros da Comisión de traballo sobre os recoñecementos docentes na bolsa de horas dos centros: 1 PAS.
10. Elección, entre todos os membros da comunidades universitaria, dos membros da Comisión de traballo para o impulso ao «Manual de boas prácticas»: 1 estudante.
11. Elección de membros nos consellos de campus:
 - Pontevedra: 2 estudantes.
 - Ourense: 2 estudantes.
12. Quenda de intervencións.

Rodríguez Castañeda, Manuela
Rodríguez Daponte, M^a del Rocío
Rodríguez Domínguez, M^a del Mar
Rodríguez Guerra, Alexandre
Rodríguez Hernández, Cándido
Rodríguez Míguez, Eva M.^a
Ruiz Hidalgo, M.^a del Carmen
Sáez Ocejó, José Luis
Sánchez Moreiras, Adela M^a
Seijas Montero, María
Siota Álvarez, Mónica
Solla Carracelas, M^a Mercedes
Soto González, M.^a Mercedes
Surís Regueiro, Juan Carlos

Teixeira Bautista, Marta
Torres Pérez, Francisco José
Torres Romay, Emma
Valderrama Santomé, Mónica
Valebona Refojos, Manuel
Velasco Graña, M.^a Rita
Vidal Vázquez, Ricardo
Villanueva Villar, Mónica

DESCULPAN A SÚA AUSENCIA

Alonso Crespo, María Victoria
Alonso Villar, María Olga
Araujo Araujo, Pilar Aurora
Barreiro Rodríguez-Moldes, María
Covadonga
Brea Castro, Millan
Caamaño Martínez, José Carlos
Carballo Piñeiro, Laura
Cruz González, María Montserrat
Cuevas Alonso, Miguel
Díaz Redondo, Rebeca P.
Dios Parada, Ana María
Fernández Fustes, María Dolores
Fernández Iglesias, Manuel José
Gallardo Medina, Mercedes
García García, Óscar
Gómez Clemente, Xosé María
Grande Seara, Pablo
Lameiro Diéguez, María de los Remedios
Lima González, Estela
López Mira, Álvaro Xosé
López Rubianes, Lucrecia María
Lorenzo González, María de las Nieves
Mangana Molina, Ana
Martínez Arribas, Fernando
Martínez López, Carlota
Novoa Fernández, Yolanda
Pazos Currás, Marta María
Pereira Rodríguez, Ana María
Pérez Juste, Ignacio
Reboiro Jato, Miguel
Rivas Conde, Filemón
Rivas Ferreiro, Mauro
Rodríguez Martínez, Francisco Javier
Sánchez Selleiro, Francisco Javier
Vaquero García, Alberto
Varela Álvarez, Enrique José
Yáñez Bouza, Nuria

1. Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión ordinaria do 12 xullo de 2023.

O reitor propón que se aprobe por asentimento, despois de atendida a alegación presentada.

Apróbase a acta por asentimento.

2. Informe do reitor

O reitor informa do seguinte, aínda que expón que a presentación vaise pendurar para coñecemento xeral:

- ATHENA: estase a traballar arreo, Maribel del Pozo especialmente. Non houbo éxito na convocatoria anterior, pero agora existe un novo proxecto, no que tamén se inclúe a Universitá del Salento, universidade pública italiana. Quere que conste na acta o seu agradecemento ao traballo realizado por todas as persoas integrantes deste proxecto.
 - Comisión de Estatutos: 7 sesións celebradas, o reitor agradece o traballo feito e o nivel de negociación que se está acadando. Está rematado o título preliminar e avanzado o título I. Ten que pasar pola Asesoría Xurídica e a ANL. En xaneiro retomaranse os traballos. Polo de agora soamente hai dous puntos nos que hai discrepancias menores de todo o que se está traballando no texto dos Estatutos. Cando remate o traballo da Comisión de Estatutos traerase ao Claustro.
 - FUVI: por dimisión da anterior responsable, temos unha nova directora: Magoya Méndez.
 - O Consello de Goberno deu luz verde ao límite máximo de docencia en 240 horas e á posta en marcha dun programa formativo para profesorado novel de dous cursos académicos.
 - Xuntanza cos directores de departamento: Adianto da PDA e do POD.
- Información completa sobre a docencia nos máster. Adianto das listas de agarda, desligadas do POD. Adianto dos concursos. Plan de remuda do persoal, negociado cos departamentos e informado polo CG. Contratos-programa cos departamentos antes do curso 24-25. Cambio previsto: diferente cómputo para a saída de prazas que permita equilibrar ámbitos; aínda non aprobado.
 - Estructuras de investigación:
 - Grupos: GRC (29), GPC (23), Outros (120).
 - Institutos: en exposición pública: Linguaxe; en funcionamento: IFClA, Agroecoloxía e Alimentación, Xustiza e Xénero.
 - Centros: CINTECX xa aprobado; non recoñecido aínda CIGUS. REDE CIGUS: atlantTic, CINBIO, CIM; Interuniversitarios: CITMAGA, CISPAC, ECOBAS.

- Gabinete Psicopedagógico: este ano tocaba sacar a concurso a concesión. Ao quedar deserto procedeuse de urxencia para poder seguir atendendo ás persoas que o precisen. Como volveu quedar deserto nun procedemento abreviado, agora mesmo estase atendendo a través dun acordo co Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, para poder atender ás persoas que o precisan. A LOSU fala deste tipo de atención e precisa que as universidades deben facelo en colaboración coas CCAA, polo que hai que estar atentos ao desenvolvemento da lei autonómica que o recolla. O articulado que se recolla nos Estatutos será moi próximo ao contido na LOSU.
- Xosé María Gómez Clemente: quere que conste en acta o seu agradecemento polo seu labor desenvolvido, entre outros nas probas ABAU, e quere facer constar o seu compromiso inquebrantable coa lingua e coa cultura galega (aplausos).
- POCTEP para avanzar no Iberian Food Lab, laboratorio do Instituto Politécnico de Bragança.
- A Xunta de Galicia anunciou en Ourense a acreditación do Campus Auga para os vindeiros tres anos, anunciando unha inversión de mais de 3 millóns de euros nese período.
- Elena Ojea recibiu o premio á sostibilidade mariña da Fundación Banco Sabadell.
- Martín López Nores recibiu un novo galardón relacionado co proxecto RURAIIure.
- Ángeles López Lozano, directora da Oficina de I+D, recibiu o premio Ipfest 2023.
- Vanesa Sanz gañou o concurso #HiloTesis.
- Premios de investigación Galicia 2023.
- David Posada, medalla Ángeles Alvariño González.
- Fernando Obelleiro, medalla Isidro Parga Pondal.
- Anxo Angueira, profesor da Universidade de Vigo e actual presidente da Fundación Rosalía de Castro, foi elixido membro da Real Academia Galega para ocupar a vacante producida polo pasamento do poeta Salvador García Bodaño-Zunzunegui o pasado mes de marzo. Na mesma sesión foi nomeado académico de honra Takekazu Asaka (Toquio, 1952), valedor da lingua e da cultura galegas no Xapón.

Conclúe o informe do reitor ás 10:25 h.

3. Informe anual do reitor, en cumprimento do artigo 30.b) dos Estatutos da Universidade de Vigo.

TITULACIÓNS:

O reitor informa do novo Mapa de Titulacións, cos acordos xa acadados.

Marco de desenvolvemento do mapa:

- Acordo entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e as universidades de A Coruña, de Santiago de Compostela e de Vigo para a definición do marco xeral de actualización do mapa de titulacións do sistema universitario de Galicia para o período 2022-2026. Promovido polas universidades e asinado o 16 de xuño de 2021.
- Acordo para a implantación de mestrados correspondentes aos 30 perfís profesionais identificados no estudo G2030:

- ✓ 15 perfís considéranse xa cubertos por titulacións existentes no SUG.
 - ✓ 1 perfil polo que xa tiñan mostrado interese as universidades: IA. Resolveuse mediante un acordo específico: grao e mestrado. Comezou a súa implantación no curso 2022/2023.
 - ✓ 14 perfís non cubertos: 13 darán lugar a novos mestrados interuniversitarios no SUG. 1 resolverase introducindo unha mención nun mestrado existente.
 - ✓ O mestrado en ciberseguridade (UVigo-UDC) incluírá o perfil en blockchain e tecnoloxías DLT. Comezou a súa implantación no curso 2023/2024.
- Grao e mestrado en Intelixencia Artificial (60 ECTS): implantación en Ourense, A Coruña e Santiago de Compostela. Asinado o 4 de maio de 2021. Implantación no curso 2022/2023.
 - Mestrado en Ciberseguridade (90 ECTS): implantación en Vigo e A Coruña. Inclúe tres módulos impartidos en tres trimestres: Fundamentos de ciberseguridade, Técnicas de ciberseguridade e Capacitación académico-profesional. Implantación no curso 2023/2024.
- Titulacións nas que participa a Universidade de Vigo G2030:
 - 1 Mestrado universitario en economía circular. UVigo
 - 2 Mestrado universitario en e-health. USC
 - 3 Mestrado universitario en fabricación aditiva. UDC (rotatoria)
 - 4 Mestrado universitario en vehículos autónomos. UVigo

 - 5 Mestrado universitario en e-government e transformación dixital (*). UVigo (*)
 - 6 Mestrado universitario en realidade estendida. Por determinar
 - 7 Mestrado universitario en innovación educativa. UVigo (rotatoria)
 - 8 Mestrado universitario en xestión sostible da auga. UDC
 - 9 Mestrado universitario en biofabricación. UVigo
 - 10 Mestrado universitario en ciberseguridade. UVigo
 - 11 Mestrado universitario en xestión da experiencia do cliente. USC
 - 12 Mestrado universitario en internet das cousas – IoT. UDC (rotatoria)
 - 13 Mestrado universitario en cronicidade e novos modelos de atención socio sanitaria
 - 14 Mestrado universitario en tecnoloxía téxtil
- (*) Mestrado universitario en e-government e transformación dixital (interuniversitario UVigo+UDC+USC).
- Reunión das tres universidades, as tres coordinacións do mestrado e a Secretaría Xeral de Universidades o 5 de decembro de 2023.
 - Problemática do mestrado para cumprir as directrices da SXU para os mestrados G2030, debido a súa estrutura para a impartición en modo virtual polas características do previsible estudantado do título (profesionais de administracións e estudantado estranxeiro):
 - Realización presencial de prácticas externas.
 - Inclusión do módulo de emprendemento.
 - Mecanismos de inserción laboral dos egresados/as.
 - Acordo entre todas as partes: transformación nun título propio e posibilidade de convertelo nun mestrado oficial nun futuro.

- Propostas de novos mestrados e doutoramentos UVigo:
 - Mestrado universitario en ciencia e tecnoloxías da información cuántica
 - Mestrado universitario en aeronáutica
 - Mestrado universitario en criminoloxía
 - Mestrado universitario en ciencia do exercicio, preparación física e readaptación deportiva.
 - Mestrado universitario en ensino do español como lingua estranxeira ou segunda lingua
 - Mestrado universitario en enxeñaría informática (mención dual)
 - Programa de doutoramento en nanociencia e biomedicina
 - Programa de doutoramento en tecnoloxías e procesos avanzados na Industria.
- Mapa de titulacións de grao:
 - Acordo do mapa de novos graos:
 - Queda parado por mor das eleccións autonómicas e na UDC.
 - Posible reconfiguración da oferta actual.
- Titulacións para o curso 2023-2024:
GRAOS CENTRO PROCEDIMENTO NOVO INTERUNIVERSITARIO COORDINACIÓN ESTADO
 - ✓ Grao en Deseño
Facultade de Deseño. Verificación.
 - ✓ Grao en Ciencias da Actividade Física e do Deporte
Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte. Modificación.MESTRADOS:
 - ✓ Mestrado universitario en xestión sostible da auga.
 - ✓ Mestrado universitario en fabricación aditiva.
 - ✓ Mestrado universitario en ciencia e tecnoloxías de información cuántica.
 - ✓ Mestrado universitario en enxeñaría aeronáutica.
 - ✓ Mestrado universitario en avogacía e procuradoría.
 - ✓ Mestrado universitario en ciberseguridade.

Entre as propostas de novas titulacións para o curso 2024/2025, destaca o Grao en Enxeñaría da Automoción, pendente do informe previo da Secretaría Xeral de Universidades da Xunta de Galicia.

Outros temas relativos a Titulacións:

- Declaracións de singularidade de graos e de mestrados existentes. Convocatoria 2022.
 - Solicitudes:
 - GRAOS: Enxeñaría Agraria, Fisioterapia, Enxeñaría Forestal, Filoloxía Aplicada en Galego e Español e Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos.
 - Resolución da SXU : aprázase a resolución dos graos.
 - Solicitudes:
 - MESTRADOS: Nanociencia e nanotecnoloxía, Química teórica e modelización computacional, Ciencia e tecnoloxía agroalimentaria e ambiental, Investigación e innovación en didácticas específicas para educación infantil e primaria, Sistemas aéreos non tripulados, Economía, Industria 4.0 e Nutrición.
 - Resolución da SXU – Agosto 2023 :
 - ✓ Exclusión do recoñecemento por non cumprir criterios: Nanociencia e nanotecnoloxía, Química teórica e Modelización computacional.
 - ✓ Exclusión por non cumprir requisitos de matrícula: Ciencia e tecnoloxía agroalimentaria e ambiental, Investigación e innovación en didácticas específicas para educación infantil e primaria, Sistemas aéreos non tripulados, Economía,

Industria 4.0 e Nutrición.

- Modificación substancial de todos os títulos posibles para a súa adaptación ao RD 822/2021:
 - Presentación da declaración de interese, o 24 de novembro de 2023.
 - Aprobación, se procede, na sesión do Consello de Goberno do 26 de decembro de 2023.
- Revogación de títulos 2023/2024
 - Mestrado en dirección e administración de empresas (IESIDE). Desadscripción do centro adscrito.
 - Programa de doutoramento de ciencia e tecnoloxía de coloides e interfaces. Substituído polo Programa de doutoramento de nanociencia e biomedicina.

CENTROS:

Procedemento de creación de:

- Centro de Posgrao e Formación Permanente: inscrito no Rexistro de Universidades, Centros e Títulos (RUCT).
- Facultade de Enfermería: en tramitación coa Xunta de Galicia. Seguimos coa mesma idea, a de integración das escolas de enfermería que están adscritas, que serían un total de 4 as integradas nunha única facultade. Cremos que terase que esperar ata o curso 2025-2026.

INNOVACIÓN DOCENTE:

- Virtualización de laboratorios (UNIverso).
 - O sistema UNIverso pretende atopar evidencias de utilidade e de valor engadido en distintas áreas, contando coa participación de escolas e de facultades dos ámbitos tecnolóxico, científico, humanístico e xurídico-social da Universidade de Vigo.
 - A idea é construír unha ferramenta complementaria a outras como Moovi e Campus Remoto, coa que responder a necesidades xa observadas e outras que se vaian identificando no futuro.
 - Levouse a cabo unha convocatoria interna de proxectos de innovación docente na Universidade, da que saíron aprobadas propostas dos seguintes centros:
 - ✓ Escola de Enxeñaría Aeronáutica e do Espazo.
 - ✓ Facultade de Comunicación.
 - ✓ Escola de Enxeñaría Industrial.
 - Funcionalidades actuais: Inicio de sesión co sistema de autenticación “Single Sign On” da Universidade de Vigo. Avatares persoalizables con capacidade de realizaren xestos para unha comunicación fluída, natural e actual. Interacción por voz por proximidade (conversas públicas ou privadas). Espazos comúns inspirados nos edificios e na contorna dos campus de Ourense, Pontevedra e Vigo. Zonas de lecer e de xogos dentro das zonas comúns: un campo de fútbol e un campo de golf, onde as persoas usuarias, cos seus avatares, poden xogar simultaneamente. Espazos configurables de propósito xeral: salóns de actos, auditorios, espazos de presentación de pósteres, laboratorio de role play para a práctica de debate e de oratoria, etc.
Gardar configuracións e, a través dun código de sala, permitir o acceso a outras persoas usuarias. É posible ter centos de espazos simultáneos con configuracións de destino específicas. Laboratorios desde onde usar software académico a través dun servizo de escritorio remoto de moi baixa latencia. Xestión de licenzas de software e de quendas de uso, a fin de superar o modelo de laboratorios tradicionais, equipados con decenas de

ordenadores e que requiren a adquisición doutras tantas licenzas, a pesar de que se só se usan de xeito esporádico.

- Funcionalidades vindeiras: Avatares máis diversos e inclusivos. Novos espazos para actividades específicas: visualización de órbitas e percorridos de drons. Emprego inmersivo de ferramentas CAD en contorno 3D. Sistema de captura de interaccións e de vídeo para gravar sesións, realizar anotacións (tamén en tempo real) e revisalas individual ou colectivamente. Integración da intelixencia artificial xenerativa: detectar se as interaccións entre as persoas dexeneran en violencia, acoso, desinformación, etc. Procesar contidos e xerar interpretacións transversais e outras funcións.

O reitor agradece a participación dos docentes da Universidade de Vigo en grupos de innovación docente.

- 60 grupos de innovación docente.
- Actividades: Desenvolvemento de programas de formación permanente do profesorado. Desenvolvemento do programa de formación de profesorado novel. Apoio aos grupos de innovación docente. Apoio á innovación educativa nos centros da Universidade de Vigo. Total: 93.000 euros.

TÍTULOS PROPIOS:

- 7 novos títulos propios. Dotación total: 208.000 euros.
- Cursos de formación para a capacitación dixital e sustentabilidade no ámbito do transporte e da mobilidade 2023-2025 (convocatoria do Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana). Dotación: 1.077.140 euros.
- Cursos de formación permanente no ámbito da ciberseguridade 2023- 2025 (INCIBE). Dotación: 725.000 euros.

PROGRAMA UNIVERSITARIO DE MAIORES:

Mostra o agradecemento coas persoas que están a traballar alí.

- Ciclo intensivo (4 cursos académicos). Campus de Ourense: 87 ECTS. Campus de Pontevedra: 85,5 ECTS. Campus de Vigo: 102 ECTS
Total nos 3 Campus: 368 estudantes no ciclo intensivo e 64 no ciclo integrado.
- Programa de democratización, indo a diversas cidades. Provincia de Pontevedra: Covelo, Moaña, Lalín e Poio. Provincia de Ourense: Allariz e Celanova. Dotación total do PUM: 103.333,33 euros.

ACTUACIÓNS EN MATERIA DE RRHH PAS:

- Concurso de méritos, rematado tralo período de formación coas tomas de posesión nos novos destinos.
- Desenvolvemento do proceso extraordinario de concurso para a estabilización do persoal das OPEs 2019-2020-2021.
- Desenvolvemento dos procesos selectivos por concurso-oposición para a estabilización do persoal das OPEs 2019-2020-2021.
- Remataron os procesos selectivos relativos á OPE de 2018.
- Acordo sobre a convocatoria da fase II de funcionarización, a piques de publicar convocatoria.
- Acordo sobre a convocatoria de concurso de méritos restrinxido para persoal funcionarizado, que se convocará cando remate a fase II da funcionarización.

- Publicarase a OPE 2023 antes de fin de ano.
- Resolvéronse os problemas da fase II de implantación de Peoplenet. O reitor agradece o esforzo a todos os servizos na implantación de Peoplenet. Realizáronse as xornadas de formación de Peoplenet.
- Acordo para asumir a cotización á Seguridade Social do estudantado.

TAXA DE REPOSICIÓN MÁXIMA (120 %): 19.

Prazas de estabilización do emprego temporal ofertadas: 0.

Prazas de persoal indefinido non fixo ofertadas: 0.

Prazas de promoción interna independente ofertadas: 0.

TOTAL PRAZAS OFERTADAS OEP 2023: 14. Foi o acordo ao que se chegou.

PDI: Persoal por grupo e categoría:

PDI-P: 1021

PDI-T non cons.: 586

PI non cons.: 235

PDI/PI cons.: 143

TOTAL: 1985.

- Actualización, consonte a normativa, das listaxes de acreditados/as a TU, CU e CD (PPL). Nova actualización: 1.º cuad. 2024.
- Nova convocatoria do plan de promoción de profesorado asociado a profesorado axudante doutor: 5 prazas reservadas.
- Trabállase no proceso de estabilización de ASO (DT 7.ª LOSU) (inténtase facer coa elaboración do POD) (pendente de MdN).
- Elaboración dunha proposta de modificación da normativa para convocar prazas de AXD aumentando o que se considera docencia consolidable (pendente de MdN). O reitor informa de que os Axudantes doutores a partires de agora teñen menos horas de docencia.
 - Convocatoria en 2023 de 32 prazas de AXD para o 2023/2024. O reitor di que o punto fundamental está nesta diapositiva, para chegar a un certo equilibrio entre os ámbitos. Non imos aplicar unha regra matemática, queremos escoitar a ver que din os departamentos, para saber as súas necesidades. En canto aos asociados, hai dous temas contidos na LOSU, debendo favorecer o paso de persoal asociado á estatutario. Non se aplica, polo número de asociados que existen na Uvigo, pero temos un plan que se leva implementando os últimos 5 anos. É bo para as persoas, e é bo para a universidade.

- A OEP 2022 executouse practicamente ao 100 %. Prazas que se convocarán antes do 31.12.23:

CU: 16 (totalmente executada)

TU: 7 (totalmente executada)

TU (15 % PI): 4 (quedarían 5 prazas)

PCD: 0 (xa estaba todo executado).

- A nova OEP 23 propúxose tendo en conta o estado das bolsas de acreditados/as. Estado das listaxes:

CU: 11 na lista (3 novas persoas que achegaron acreditación).

TU: 13 na lista (5 novas persoas que achegaron acreditación).

CD (PPL): 63 acreditados/as incluídos (última actualización RR 15.12.23)

➤ 59 AXD acreditados a CD.

➤ 4 CDI ou PPLI.

OEP 2023 PDI:

- Núm. máx. de prazas dispoñibles: $(110 - 1) 109 * 120 \% = 130$ prazas.

TU: 50 (20 correspondentes á reserva do 15 % para PI doutor que finalizase o programa RyC ou outros programas de excelencia, nacionais ou internacionais, e dispoña da certificación I3).

PPL: 80

CU: 30

O reitor comenta que poderanse utilizar en cursos vindeiros, porque non hai tanto persoal acreditado.

ORDENACIÓN ACADÉMICA:

- Anticipación dos trámites para aprobar o POD 24 (abril).
- LOSU: esforzo por manter no posible o que tiñamos no 2024/2025 e facer un estudo de posibles adaptacións. Capacidade docente máx. do PDI 240.
- Aprobouse a Normativa de dedicación e recoñecementos docentes do profesorado, que é continuista (ata o 22 de decembro está aberto o trámite de alegacións aos recoñecementos xa introducidos).
- Continúan as medidas facilitadoras do relevo xeracional.
- Continúa o recoñecemento docente por maternidade.
- Continúa o Plan de recoñecemento da docencia en galego, que procede revisar.
- Estase a traballar para que a implantación de SIGMA non afecte ó POD do curso 2024/2025.

SERVIZO DE REPROGRAFÍA:

- Cerca de 100 impresoras para os servizos administrativos e de xestión.
- Máis de 20 impresoras multifunción de prepago.
- Impresoras departamentais.

O reitor comenta en relación con PLANIFICACIÓN: a renovación da infraestrutura da rede sen fíos con preto de 500 puntos de acceso nos tres campus, e a migración do correo a O365, con mais de 5000 caixas de correo. Dentro da seguridade TIC, finalizou a primeira fase do proxecto UNISOC. Informa doutros datos que considera interesantes, relativos a docencia, relacionados con MOOVI, con case 10.000 descargas da app, e 250.000 notificacións push mensuais, e case 3500 solicitudes de servizo atendidas.

CCN-CERT µClaudia:

- O CCN-CERT, como CERT governamental nacional, colabora con todos os organismos públicos e as empresas de interese estratéxico para o país na detección, notificación, avaliación, resposta, tratamento e aprendizaxe de incidentes de seguridade de información ou ciberincidentes que poidan sufrir os seus sistemas.
- microCLAUDIA é unha capacidade baseada no motor de CLAUDIA que lles proporciona protección contra o código daniño de tipo ransomware aos equipos dun organismo. Para iso, usa un axente lixeiro para sistemas Windows que se encarga do desenvolvemento e da execución das denominadas vacinas.

SEDE ELECTRÓNICA:

Máis de 25.000 persoas rexistradas na sede electrónica. Soporte técnico a cerca de 500 persoas usuarias do tramitador de expedientes.

Presencial:

2022: 954

2023: 739

Sede electrónica:

2022: 17.393

2023: 17.593

En canto ás notificacións electrónicas, no ano 2022 foron 3496 e no ano 2023 4484. Polo que se refire ao acceso á sede electrónica de estranxeiros de fóra da Unión Europea, no ano 2022 foron 28 e no ano 2023 126. E falando dos procedementos que poden xestionarse a través da sede electrónica, nestes momentos son 74. En referencia aos certificados electrónicos, a tarxeta universitaria intelixente (TUI) identifica aos membros da Universidade de Vigo. Desde xaneiro de 2023 a TUI expídese nas oficinas de asistencia en materia de rexistro.

EFICIENCIA E AFORRO ENERXÉTICO

- Electricidade
 - Previsión de outubro de 2022
 - A UVigo posuía un consumo de 15,2 millóns de kWh en 2018.
 - Grazas ás medidas do Plan Suvi e tras a pandemia, o consumo redúcese en torno aos 12,5 millóns kWh.
 - A crise de Ucraína fai que o custo previsto para o 2023 apunte a un x2 ou x3.
 - Realidade 2023
 - O prezo medio da compra de electricidade en 2023 foi de 0,2417 €/kWh, o cal supón un x1.90 respecto a 2022.
- Gas Natural
 - Previsión de outubro de 2022
 - Gas Natural ven desprazando o gasóleo como fonte principal de calefacción.
 - A mediados de 2022 executouse unha cláusula de actualización dos prezos de compra que elevou o custo a 49 €/MWh (x 2,04).
 - En outubro de 2022 o prezo subiu a 68.7€/MWh (x 2,86)
 - Realidade 2023
 - O prezo medio de compra de Gas Natural en 2023 supuxo respecto a 2022 un incremento do 137% (x1,37).

A colaboración da comunidade universitaria foi excelente. O persoal de conserxería co que se tivo unha interlocución fluída e constante, merece unha mención especial. As administracións de ámbito así como os decanatos e as direccións de centros, tamén foron axentes activos na aplicación das medidas e no seguimento do seu cumprimento.

En conxunto (inverno 22-23), en termos de gasto, apréciase enormemente o encarecemento da electricidade. Na totalidade do inverno a suba do gasto foi do 49.7 (fronte ao 87% da suba do

custo). Grazas ao aforro de enerxía (266.253 kWh) evitouse un gasto de 64.433.23 euros. O resto da información estará pendurada a efectos de coñecemento.

ÁREA DE CULTURA:

Oferta cultural para a comunidade universitaria e a sociedade:

- 18 obradoiros (alcance: 238)
- 3 cursos de extensión universitaria (alcance: 114)
- 2 exposicións:
 - “Juana de Vega, condesa de Espoz y Mina (1805-1872)” (colaboración)
 - "Arqueoloxía dixital galega"
- Cine:
 - Documentais anuais: 10 (en colaboración)
 - Ciclo Cine e Lingua: 5 películas
- Teatro: 6 obras en tres días no campus de Vigo, Aula de Teatro en Santiago de Compostela, Ourense e Pontevedra
- Música: Festival Sonora: 2 grupos no campus de Vigo, Campus Spain, Día das Letras Galegas e Concerto de Nadal.
- Oferta para a comunidade universitaria:
 - Concursos de creación audiovisual, pintura, fotografía e maquetas de música
 - Divulgación e promoción das actividades
 - Creación da rede CulturUVigo.

ÁREA DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

Fomento do uso do galego na comunidade universitaria

- 14 Cursos de formación (alcance: 286).
- Xornadas e exposicións.
- Día das Letras Galegas.
- Conmemoración do centenario do Seminario de Estudos Galegos «Xeiras con Historia».
- Exposición e xornada «Voute preservar, miñoca! Onde os videoxogos en galego e a arqueoloxía se dan a man».
- Premios de poesía, relato curto e tradución da Universidade de Vigo.
- Publicación dos libros premiados.
- Publicación do terceiro volume de artigos de Ferrín publicados en Faro de Vigo.
- Campaña de divulgación do uso do galego: “Galego de tranquil!”
- Convocatoria do Distintivo Gal Ego para os centros da UVigo.
- Convocatoria de axudas para os mellores traballos académicos escritos en lingua galega.

ÁREA DE DEPORTES:

Fomento da actividade deportiva na comunidade universitaria e na sociedade.

- Actividades de uso libre.
- Xestión dos abonos MUYER. Atletismo, bicicleta de montaña, fitness e escalada.
- Actividades dirixidas.
- Adestramento funcional, baile latino, body pump, core, High Intensity Interval Training (HIIT), ioga, pilates e zumba.

- Escolas de iniciación deportiva: bádminton, escalada, tenis, tenis infantil, tenis de mesa, voleibol e voleibol de praia.
- Actividades deportivas na natureza.
- Augaventura (flyboard, cayac, running, mergullo, surf, windsurf, wakeboard e balsismo).
- Exploracampus (marismas do Alba, río Garfos, illa das Esculturas, carreira a pé e andaina).
- Roteiros culturais (desde o campus de Ourense para os tres campus).
- Competicións universitarias: fase campus, fase intercampus, campionatos galegos (deportes colectivos e deportes individuais, campionatos de España).
- Convocatoria de bolsas: formación complementaria, internacionalización, axuda aos deportistas de alto nivel.

TRANSPARENCIA E BO GOBERNO:

- Cumprimos > 98% dos indicadores dos principais rankings e termómetros.
- Somos a Universidade máis transparente do SUG e a 2ª do Estado.
- Fundación HAZ outorgounos o selo de transparencia das universidades na categoría de transparente ***, con tres estrelas, que é o máximo.

RSU E AXENDA 2030:

- Identificación, reporte e visibilización das actividades que contribúen aos ODS na Uvigo.
- Formación e manuais para a integración dos ODS na docencia e na I+D+i.
- Coordinación da Rede Galega de Cooperación Universitaria ao Desenvolvemento. Consolidación do I Plan Estratéxico da Rede 2020-30.
- Organización da Semana Galega de Cooperación.
- Bolsas de mobilidade en proxectos e acción de cooperación.
- Asentamento dos programas Uvigo-Refuxio e Mulleres por África.
- Consolidación dos programas Aprendizaxe-Servizo (APS) e Premios Uvigo-Humana.

EQUIDADE, BENESTAR E DIVERSIDADE:

- Alianza co *Colexio Oficial de Psicólogos de Galicia* para a prestación de servizos de apoio psicolóxico orientado a favorecer a integración do estudiantado no ámbito académico.
- Actualización dos protocolos de atención á diversidade.
- Participación activa nas principais redes universitarias:
 - RUD (Red de Universidades por la Diversidad)
 - SAPDU (Servicios de Atención a Personas con Discapacidad en las Universidades)
- Piloto de lectura fácil.
- III promoción do título propio UNIDIVERSIDADE dirixido a persoas con discapacidade intelectual, en colaboración coa Fundación ONCE, en Vigo e Ourense.

CAMPUS DE PONTEVEDRA:

- Infraestruturas no campus:
 - Posta en marcha da Facultade de Deseño nas plantas sexta e sétima do edificio da rúa de Benito Corbal.
 - Acondicionamento do edificio administrativo de Benito Corbal para o seu uso provisional como Facultade de Deseño.

- Inauguración da sala de musculación da Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte.
- Dotación dunha sala de neuromusculación de 204 m2.
- Divulgación do Programa de doutoramento en creatividade e innovación social e sustentable.
- Asistencia a congresos e a feiras internacionais para a promoción do campus de especialización (Conferencia de Chile).
- Elaboración dun vídeo promocional do Campus CREA e deseño e compra de material promocional. Envío postal de material promocional.
- Reestruturación do Plan estratéxico do Campus CREA segundo a redefinición establecida para o campus.
- Reformulación das liñas de traballo do Campus CREA segundo a redefinición establecida para o campus.
- Constitución dos consellos asesores externos: comité académico, comité socioempresarial e comité reitor do Campus CREA.
- Reformulación da páxina web do Campus CREA.
- Iniciación dos procesos para asinar convenios de colaboración co Campus Creativo da Universidad Andrés Bello de Chile e coa ESMAD do Politécnico do Porto en Portugal.
- Convocatoria dos Premios CREA: Creatividade e Innovación 2023.
- Concurso de fotografía do Campus CREA.

ACTIVIDADES CULTURAIS E DA CÁTEDRA ALMIRANTE ÁLVAREZ OSSORIO:

- Actividades da Cátedra Almirante Álvarez Ossorio: cinco conferencias e mesas redondas. Organización da I Regata Cátedra Almirante Álvarez-Ossorio (Trofeo Ría de Pontevedra).
- Programa de actividades culturais no Campus de Pontevedra: Aula de teatro na Universidade de Vigo. Campus de Pontevedra. Espectáculo teatral “Vidas entre lusco e fusco” dentro da Semana Europea da Pobreza Enerxética. XIV Mostra Internacional de Teatro Universitario (Miteu). “Intermitencias”, a montaxe da aula do Campus de Pontevedra. Obradoiro “Baile tradicional galego. Como bailar nun serán”. Creación dun grupo de música tradicional. Aula permanente de música tradicional galega do Campus de Pontevedra. Concertos polas rúas da aula permanente de música de Pontevedra. Coro universitario. Concerto de primavera. Ciclo de música para reCREAr. Obradoiro de ecoperCUSión. Festival Internacional de Cinema de Pontevedra. Novos cinemas. Ciclo de cine Docs del Mes. Ciclo “Contos de inverno”.

DESENVOLVEMENTO DAS ACTIVIDADES DE I+D+i:

- Organización de dúas edicións das xornadas de investigación do Campus CREA (marzo e novembro).
- Preparación de propostas de proxectos de investigación institucionais para concorrer a convocatorias europeas, que impliquen ao maior número de ámbitos do campus.
- Desenvolvemento da Semana da Creatividade e Innovación con multitude de conferencias e de relatorios científicos así como con actividades culturais centradas na creatividade.
- Publicación dun novo número da Revista CREA. International Multidisciplinary Journal CREA (IMJC)
- Actividades para fomentar a transferencia e a investigación no campus de Pontevedra
Semana da creatividade e da innovación 2023: obradoiro “O cuarto Azul: un obradoiro de creatividade”; obradoiro “Nova técnica da pandeireta: unha aproximación aos recursos interpretativos da pandeireta galega no século XXI”; obradoiro “Emprender en medios sociais”; conferencia “Innovación tecnolóxica: sabes como tratala para evolucionar os teus

produtos e servizos?"; presentación do libro Toni Segarra y la Publicidad; conferencia "Revolution mind: o poder do algoritmo humano"; conferencia "Daveiga, unha proposta pola innovación, desde o rural e a economía social"; exposición "Do soño á realidade. 1500 ideas, 26 propostas de novos produtos"; ciclo de cine "Expediente Alquimia"; xornadas "Pensamento e creatividade"; "III Premios CREA. Creatividade e Innovación" e Concurso de fotografía en liña por Instagram.

O reitor presenta moi rapidamente as actividades, pero a presentación pendurada servirá para mais información.

COMUNICACIÓN:

- Publicación dun plan director anual de comunicación.
- Mellora do deseño e dos contidos da portada da web.
- Potenciación da canle audiovisual UVigoTV para promover a universidade e os seus centros.
- Impulso do uso da identidade visual corporativa para ofrecer unha imaxe integrada da UVigo.
- Execución do plan de comunicación da Universidade Europea ATHENA.
- Integración do selo HR na comunicación institucional.
- Promoción da actividade universitaria.
- Incremento da visibilidade do coñecemento científico xerado pola UVigo.
- Deseño dunha campaña de comunicación para promocionar a oferta de titulacións e de campañas específicas para determinados eventos relevantes.
- Estreitamento das relacións da UVigo cos seus públicos.
- Aumento e fidelización das persoas seguidoras da UVigo nas redes sociais.
- Optimización e promoción do sistema de reserva de espazos institucionais.

DATOS DE MATRÍCULA 2023-2024:

Número de prazas de grao ofertadas: 3839
Número de prazas de grao cubertas: 3877
Taxa de ocupación global: 101 %.

O reitor comenta que a evolución da matrícula fala de moi boas cifras de matrícula na Uvigo. Datos totais de estudantes matriculados: 19.918, distribuídos da seguinte forma:
GRAO: 15.901; MESTRADO: 2.143; DOUTORAMENTO: 1381; PROGRAMA UNIVERSITARIO DE MAIORES: 493.

VICERREITORÍA DE ESTUDANTADO E EMPREGABILIDADE:

A universidade ten o compromiso co estudantado de ofrecerlle un desenvolvemento integral mediante o apoio, a orientación e a formación en todas as súas etapas: antes de iniciar os seus estudos, para dar a coñecer a oferta formativa da UVigo; no seus inicios, para facilitar a súa incorporación á vida universitaria durante os seus estudos coa regulamentación, formación transversal e participación estudantil; ao finalizar, cos programas de emprego e de emprendemento que faciliten a súa incorporación ao mercado laboral e, por suposto, como egresado/a, facilitando as colaboracións que respondan a intereses comúns. Este compromiso maniféstase en seis liñas de actuación externas e complementarias á propia

docencia que están orientadas a todos os colectivos de estudantes:

1. Captación de alumnado (aprobadas durante o claustro celebrado o 12 de xullo de 2023 en Ourense).

- Continúase coas actividades do Plan de captación para estudantado preuniversitario.
- Novas actividades destinadas á captación de estudantado de posgrao.
- Novas actividades destinadas á captación de estudantado internacional.

2. Normativas

- Modificación da Normativa de permanencia.
- Modificación do Regulamento de prácticas académicas externas.

3. Bolsas, axudas e premios

- Mantense o programa de axudas, premios e bolsas propias da Universidade de Vigo.
- Nova bolsa de mobilidade SICUE.
- Nova axuda para os desprazamentos para realizar prácticas externas.

4. Participación estudantil

- Acto de benvida institucional.
- Apoio ás iniciativas organizadas por colectivos de estudantes.
- Promoción da participación estudantil nos órganos colexiados da Universidade.
- Convocatoria de axudas económicas para as asociacións da UVigo.
- Programa de formación en competencias dixitais: e- Destrezas.

5. Mellora da empregabilidade

- Servizos de orientación e de intermediación laboral.
- Pasaporte de empregabilidade.
- EmpregoInCampus: feiras de emprego institucionais.
- Programas de emprendemento: Incuvi Emprende, Avanza e Consolida.
- Selo de empregabilidade para os centros.

6. Comunidade Alumni-UVigo

- Uso e descontos en actividades universitarias.
- II Premios Alumni-UVigo e II Encontro Anual Alumni-UVigo.
- Rede social Alumni-UVigo.

VICERREITORÍA DO CAMPUS DE OURENSE:

- Fin da construción e posta en marcha da planta piloto de industrias agroalimentarias no edificio Campus Auga: cumprimento da petición do Campus de Ourense desde hai máis de 25 anos.
- Fin da construción e posta en marcha da planta piloto de industrias agroalimentarias no edificio Campus Auga: cumprimento da petición do Campus de Ourense desde hai máis de 25 anos.
- Construción de espazo para o CACTI de Ourense no edificio Campus Auga. Traslado. Posta en marcha.
- Documentación acreditación Campus AUGA: elaboración da documentación correspondente á resposta ao informe intermedio emitido pola comisión avaliadora da acreditación do Campus Auga como campus de especialización do SUG;

- ✓ Plan estratéxico
 - ✓ Plan operativo
 - ✓ Plan de igualdade
 - ✓ Plan de viabilidade
- Anuncio da acreditación do Campus Auga: o Campus Auga consegue a acreditación da Xunta e un investimento mínimo de tres millóns de euros. Os fondos destinaranse a accións de docencia, investigación e transferencia durante tres anos.
 - Participación no encontro internacional Termatalia en Uruguai. O presidente de Uruguai coñece en Termatalia o traballo investigador da Uvigo.

INTERNACIONALIZACIÓN:

1. Cooperación internacional: Convenios, Redes, Dobres titulacións internacionais e titulacións conxuntas, Internacionalización na casa, e ATHENA, coa preparación da proposta de ATHENA 2.0 á quinta convocatoria da Comisión Europea.
2. Mobilidade: Xestión e dixitalización de convocatorias de mobilidade e Normativa dos centros.
3. Plurilingüismo: Accións formativas e Docencia en Inglés.
4. Captación internacional: Captación internacional e Welcome Center.

INVESTIGACIÓN.

Axudas a grupos: Convocatoria de consolidación da Xunta. Temos unha baixada en GRC, e aumentamos en GPC, pero baixamos no global.

Proxectos do Plan Nacional: 5.5. M (40 proxectos). Un máximo histórico en captación de fondos. Taxa de éxito do 46.5 %, hai que felicitar aos investigadores.

Proxectos europeos de investigación: un máximo histórico con 39 proxectos; 18 Horizon Europe, 13 Interreg, 8 doutro tipo. A evolución histórica do número de proxectos europeos acadados fala dun claro avance, cada vez hai mais proxectos dos que somos coordinadores.

Proxectos educativos e de cooperación, solicitudes/concesións.

Subvención obtida, no ano 2023 estamos a falar de 1.547.194 millón de euros.

Actividades de transferencia: artigo 60 da LOSU, inclúe contratos, informes e cursos. Diminúe o número de encargos, pero increméntanse os ingresos a máis de 6.6 millóns de euros.

Proxectos de transferencia: Máis de 2 m acadados en proxectos de transferencia (hai un lixeiro incremento con relación ao ano 2022).

Patentes e Spin-off: Non teñen unha tendencia positiva, haberá que pensar nalgunhas medidas, xa que hai unha baixada con relación a anos anteriores.

Convenios da Xunta de Galicia

Total: 15.799.936 millóns de euros, con diferentes períodos de execución.

Total acadado en I+D+i en 2023 (sen convenios):

Convocatorias especiais (4.58 millóns de euros).

Autonómicos (2.9 millóns de euros).

Actividades I+D (6.6 millóns de euros).

Proxectos divulgación (0.15 millóns de euros).



Nacionais (5.5 millóns de euros).
Europeos Invest. (13 millóns de euros).
Proxectos Transferencia (2.2 millóns de euros).
Europeos Educación (1.5 millóns de euros).
Esta é a distribución de fondos acadados no ano 2023, con 36.4 millóns de euros, co máximo en proxectos europeos.

Avaliación do selo HRS4R: aceptada.

Evolución histórica dos contratos Ramón y Cajal, está establecido que o 15% dos contratos do PDI ten que ser para os Ramón e Cajal, que poden estabilizarse na universidade, temos entre 10-12, unha boa cifra, pero con un claro descuadre entre os diferentes ámbitos. Fai tamén referencia a evolución histórica doutras figuras posdoutorais: Beatriz Galindo, María Zambrano. Fai referencia tamén as prazas de persoal investigador potencialmente consolidable, indicando que As María Zambrano non teñen compromiso de estabilización, como si teñen os Ramón y Cajal.

Por último o reitor fai referencia á organización das primeiras xornadas de ciencia aberta de España, da CRUE. Máis de 250 participantes. ENCA, PLATICA, Mesas redondas, Obradoiro.

Solicita a palabra Federico Fernández, da mesa do Claustro, para comentar que o reitor foi breve ao referirse aos temas do PAS, habendo moitas cousas enriba da mesa. Gustaríalle que houbera alomenos un trato similar xa que, segundo a Universidade en cifras, son máis de 800 PAS; soporte de todo o que se fai nesta Universidade. Debería poñerse na páxina web máis información con respecto a ese colectivo, e moito máis actualizada. Solicita tamén que haxa un informe xeracional do PAS, xa que están nas curvas demográficas igual que o resto do persoal; vanse producir de aquí a uns anos varias xubilacións e a Universidade de Vigo o debe contemplar. O reitor agrádecelle a Federico Fernández a súa intervención, ten razón coa remuda xeracional do PAS. Foi breve porque algunhas actuacións aínda non foron desenvolvidas, pero o do informe xeracional lle parece moi acaído.

Conclúe o informe do desenvolvemento anual do goberno ás 11:55 h.

4. Informe sobre as liñas orzamentarias para o ano 2024.

O reitor cédelle a palabra á xerente, quen presenta as liñas orzamentarias para o vindeiro ano 2024, comezando polo teito de gasto da Universidade de Vigo para o exercicio 2024, coas seguintes diapositivas, indicando que o Parlamento de Galicia aprobou un incremento dun 5% con respecto ó orzamento do ano anterior.

CALCULO LIMITE GASTO PARA 2024		
	2023	2024
TOTAL GASTO	227.915.618,00 €	248.822.967,00 €
TOTAL AFECTADO	-65.153.004,00 €	-75.973.695,00 €
TOTAL CAP. VIII E IX	-834.508,00 €	-670.000,00 €
TOTAL NON AFECTADO NON FINANCEIRO	161.928.106,00 €	172.179.272,00 €
MARGEN AUTORIZADO SOBRE EX. ANTERIOR	8,20 %	5,00 %
INCREMENTO AUTORIZADO	12.740.176,66 €	8.096.405,30 €
TOTAL TEITO DE GASTO NON FINANCEIRO	174.668.282,66 €	180.275.677,30 €


Escenario orzamentario:

Condicionantes económicos e legais:


- Plan galego de financiamento universitario 2022-2026 aprobado polo Consello Galego de Universidades o 7 de decembro do 2022.
- Lexislación de carácter xenérico para o sector público autonómico e estatal ou para o ámbito universitario:
 - *Lei Orgánica 2/2023, de 22 de marzo do Sistema Universitario*
 - *Lei 2/2011, do 16 de xuño, de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira de Galicia*
 - *Ley 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno*
 - *Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno*
 - *Estatutos da Universidade de Vigo*
 - *Proxecto de Lei de Orzamentos da CC.AA. de Galicia para o ano 2024*

Evolución económico financeira da Universidade de Vigo: hai sustentabilidade da financiación obtida.

Achegas dos plans de financiamento á Universidade de Vigo: 2016-2024:



Orzamento 2024: Ingresos.



Resumen por capítulos do ingreso do ORZAMENTO 2024

Capítulo	Non afectado	Afectado	Importe
3	12.697.222,00 €	900.000,00 €	14.381.222,00 €
4	128.000.627,48 €	12.345.823,00 €	147.085.022,80 €
5	605.000,00 €	0,00 €	605.000,00 €
7	5.405.251,00 €	49.027.813,00 €	54.433.064,00 €
8	18.618.599,20 €	13.700.059,00 €	32.318.658,20 €
TOTAL	141.302.849,48 €	75.973.695,00 €	248.822.967,00 €

O 30% está afectado a fondos finalistas, actividades concretas e determinadas.

ORZAMENTOS DE INGRESOS 2024 -2023:

COMPARATIVA INGRESOS 24/23				
Capítulo	Nome	2023	2024	%24/23
3	Taxas, prezos públicos e outros ingresos	17.106.138,00 €	14.381.222,00 €	-15,93%
4	Transferencias correntes	144.570.883,00 €	147.085.022,80 €	1,74%
5	Ingresos patrimoniais	210.000,00 €	605.000,00 €	188,10%
	Ingresos correntes	161.887.021,00 €	162.071.244,80 €	0,11%
6	Enaxenación de inversións reais	400.000,00 €		-100,00%
7	Transferencias de capital	40.433.371,00 €	54.433.064,00 €	34,62%
	Ingresos de capital	40.833.371,00 €	54.433.064,00 €	33,31%
8	Variación de activos financeiros	25.195.226,00 €	32.318.658,20 €	28,27%
	Variación de pasivos financeiros	0,00 €	0,00 €	
	TOTAIS	227.915.618,00 €	248.822.967,00 €	9,17%

Participación dos principais capítulos de ingreso no conxunto do orzamento:

Comparativa porcentual da distribución dos ingresos por capítulos 24/23			
Capítulo	2023	2024	Evolución
Taxas, prezos públicos e outros ingresos	7,51%	6,00%	▼
Transferencias correntes	63,31%	59,00%	▼
Ingresos patrimoniais	0,09%	0,00%	
Enaxenación en inversións reais	0,18%	0,00%	
Transferencias de capital	17,74%	22,00%	▲
Variación de activos financeiros	11,17%	13,00%	▲

ORZAMENTO DE GASTOS (2024/2023):

Variación dos capítulos de gasto 24/23				
Capítulo	Nome	2023	2024	% 24/23
1	Persoal	134.968.199,00 €	143.696.792,38 €	6,47%
2	Gastos correntes	33.570.772,00 €	32.241.723,43 €	-3,96%
3	Gastos financeiros	409.450,00 €	390.000,00 €	-4,75%
4	Transferencias correntes	7.217.724,00 €	8.384.496,00 €	16,17%
5	Fondo de continxencia	300.000,00 €	1.000.000,00 €	233,33%
	Operación correntes	176.466.145,00 €	185.713.011,81 €	5,24%
6	Investimentos reais	50.614.965,00 €	62.439.955,19 €	23,36%
	Operacións de capital	50.614.965,00 €	62.439.955,19 €	23,36%
8	Activos financeiros	70.000,00 €	70.000,00 €	0,00%
9	Pasivos financeiros	764.508,00 €	600.000,00 €	-21,52%
TOTAL		227.915.618,00 €	248.822.967,00 €	9,17%

Participación dos principais capítulos de gasto no orzamento:

Distribución orzamento de gasto 22/23			
Capítulo	2023	2024	Evolución
Persoal	59,22%	58,00%	▼
Gastos correntes	14,73%	13,00%	▼
Gastos financeiros	0,78%	0,00%	
Transferencias correntes	3,17%	3,00%	
Fondo de continxencia	0,13%	1,00%	
Investimentos reais	22,21%	25,00%	▲
Activos financeiros	0,03%	0,00%	
Pasivos financeiros	0,34%	0,00%	

Resumo do orzamento de gastos 2024:

Resumen por capitulos do gasto do ORZAMENTO 2024			
Capítulo	Non afectado	Afectado	Importe
1	129.764.138,00 €	13.782.654,38 €	143.696.792,38 €
2	16.722.160,33 €	3.402.148,48 €	32.241.723,43 €
3	0,00 €	0,00 €	390.000,00 €
4	2.118.000,00 €	3.959.969,00 €	8.384.496,00 €
5	0,00 €	0,00 €	1.000.000,00 €
6	687.663,60 €	54.828.923,14 €	62.439.955,19 €
8	0,00 €	0,00 €	70.000,00 €
9	600.000,00 €	0,00 €	600.000,00 €
TOTAL	149.891.961,93 €	75.973.695,00 €	248.822.967,00 €

Dotación dos programas de gasto: Explica a suba do gasto.

Programas	Descrición	2023	2024	VARIACIÓN
111L	Docencia	3.809.388,00 €	3.753.385,51 €	-1,47%
121D	Apoio ao alumnado e a docencia	6.468.441,00 €	8.450.339,76 €	30,64%
131H	Fomento e desenvolvemento da investigación	50.470.042,00 €	55.447.642,84 €	9,86%
141B	Dotación de fondos bibliográficos	2.127.400,00 €	2.127.400,00 €	0,00%
211E	Extensión universitaria	1.057.767,00 €	1.112.875,50 €	5,21%
311V	Dotación e mantemento de infraestruturas	18.172.211,00 €	24.064.540,76 €	32,42%
421S	Goberno e administración da universidade	145.810.369,00 €	153.866.782,63 €	5,53%
TOTAL GASTOS		227.915.618,00 €	248.822.967,00 €	9,17%

LIÑAS DE ACTUACIÓN:

PROGRAMA APOIO AO ALUMNADO E Á DOCENCIA

- Bolsas
- Subprogramas Erasmus
- Actividades de títulos propios: Convenio co M^o de Transporte
- Actuacións en materia de innovación educativa
- Convenio para o desenvolvemento dos cursos de capacitación dixital de sustentabilidade co M^o de Defensa
- PUM

EXTENSIÓN UNIVERSITARIA

- Actividades deportivas nos Campus de Vigo, Pontevedra e Ourense, incluídas as financiadas polos convenio coa Deputación de Ourense
- Actividades culturais nos Campus de Vigo Pontevedra e Ourense, incluídas as financiadas con cargo aos convenios coa Deputación de Ourense e a de Pontevedra
- Actuacións para a integración da diversidade e apoio ao alumnado e soporte das acción de voluntariado
- Actuacións de captación de alumnado

FOMENTO E DESENVOLVEMENTO DA INVESTIGACIÓN

- Proxectos de investigación do MEC e cofinanciados, acadan os 10 mill
- Aparecen como orgánicas os centros singulares e aqueles con vocación de acadar tal condición (IAA, IXX, IFA, ECOBAS)
- Axudas aos grupos de investigación: Convenio coa Deputación de Ourense
- Actuacións para o desenvolvemento e apoio á investigación (axudas á mobilidade contratos predoutorais, axudas propias, orzamento de cátedras estratéxicas e agrupacións estratéxicas)
- Proxectos de investigación con fondos de transferencias doutras Administracións (RyC, proxecto de comunicación cuántica e investigación en CCMM , proxectos cofinanciados con fondos europeos e outros)

DOTACIÓN E MANTEMENTO DE INFRAESTRUTURAS

- Servizos informáticos: Rediseño do portal institucional
- Equipamento de laboratorios
- Edificio da Escola de Enxeñaría aeronáutica
- Instalacións térmicas renovables nos campus de Vigo, Ourense e Pontevedra
- Aeroxerador
- Reforma do local para laboratorio no módulo 2 do CINBIO
- Mobiliario laboratorio CIMBIO
- Redacción do proxecto do Edificio Siemens
- Estudio de necesidades do Edificio Hospital de Pontevedra para as facultades relacionadas coas Ciencias da Saúde
- Proxectos SIGMA, UNISOC

CONCLUSIÓNS:

- Mantemento do equilibrio orzamentario a longo do ciclo económico dende 2012.
- O Plan de Financiamento do SUG favorece a dotación da Universidade de Vigo. Malia isto, haberá que estar pendente da execución do compromiso de destinar o 1% do PIB ás Universidades. A Xunta de Galicia xa se pronunciou ao respecto.
- Asemade, a nova lei orgánica introduce melloras cara a calidade das que se espera o oportuno financiamento.
- A Universidade é capaz de concorrer con éxito ás convocatorias de axentes financiadores ao marxe do PFSUG e obter recursos para o desenvolvemento, nomeadamente, da actividade investigadora e as súas infraestruturas, arredor dun 30% procede de tales fontes.
- O capítulo I supón o de maior peso nos conceptos do orzamento de gasto. Coa súa dotación cóbrease os incrementos salariais anunciados ou aprobados polo Estado, e as políticas de persoal desenvoltas polo goberno da Universidade a prol da estabilización, unificación dos réximes xurídicos, e retención do talento. Queda por diante o reto do relevo se atendemos a idade media do persoal
- O orzamento contempla iniciativas de alto interese para a Universidade, nomeadamente o edificio de Ciencias Aeroespaciais, a transformación do antigo Hospital Provincial de Pontevedra e o Proxecto da ETEA.
- A Universidade segue a dispoñer de recursos propios para atender o gasto estrutural no financiado por outros axentes, pero dito isto, deberán empregarse esforzos para adoitar medidas orientadas a consolidar os ingresos que garantan a estabilidade orzamentaria e a saúde financeira da Universidade, obtención de recursos e a racionalización do gasto

O reitor cede a palabra a Enrique Macías: relaciona as liñas estratéxicas co que se levou feito no ano 2023. Quere falar do que percebe en relación co PAS. Quere transmitir o que lle din os PAS. O trato é distinto entre o PAS e o PDI. O PAS leva sufrindo por como se está traballando e o nivel de baixas do PAS é debido a esa presión; pero está vendo que pasan os anos e os Claustros e segue todo igual, segue recibindo as mesmas queixas e segue vendo as mesmas presentacións. Pasa o tempo e non se ven solucións. Segue a sorprendelrle que saian resultados negativos de xuízos relacionados tanto con persoal funcionario como con persoal laboral, sentenzas condenatorias contra a Universidade de Vigo pola xestión dos contratos de persoal que xa ten denunciado e chamou administración paralela. Fala de persoal paralelo que tiña que levar temas de investigación e que en realidade acababa levando xestión administrativa, ano tras ano, problema que vese ano tras ano. É un vicio desta universidade e de todas as universidades. Quérese meter pola porta de atrás a determinadas persoas, porque traballan para determinado persoal de investigación. Lamenta moito que sigamos sen ter RPT, polo que determinados postos teñen unha carga de traballo excesiva, e que non encaixemos unha solución a curto prazo porque hai varios servizos que levan sufrindo varios anos. Xa é hora que a Universidade das Persoas sexa tamén a Universidade para o PAS. Non hai oposición no Claustro, e na democracia debería haber un grupo opositor. Por que non hai un grupo opositor no PDI? Porque hai silencio, mentres no PAS non hai, o PAS está enfadado.

Responde á xerente: descoñece a historia porque non estaba nese momento na universidade, pero na súa opinión non está esquecido o PAS. Cando ela chegou había temas pendentes, como a funcionalización, que conseguíuse rematar, como a celebración de concurso de méritos que foron quen de cumprir, con excepción da incorporación dos PAS ao posto de traballo, que foi en setembro, pero que fíxose na data que todos consideraron que era o mellor momento para a incorporación, e conseguiron levar a cabo os procesos de estabilización. Fixéronse moitas cousas polo PAS e imos seguir traballando nelas. Tentaremos traballar na RPT para facer unha RPT equilibrada, pero non podemos estar coa RPT mentres haxa tantos asuntos pendentes. Hai que abordalo dende unha perspectiva o mais racional posible. O que lle preocupa é o sentir tan negativo, como se non se fixera nada. Non comparte del todo a intervención de Enrique Macías.

O reitor responde a Enrique Macías da parte política. Cre que si hai oposición, e concorda con Enrique que ten que habela. Cre que nos Estatutos farase un bo traballo coa figura de PAS. Hai un tema que deixou enriba da mesa, referido ás sentenzas. As sentenzas que están xurdindo son de 20 anos atrás nos que se foron encadeando contratos.

Breogán Riobóo: En primeiro lugar, en relación coa intervención anterior, pregunta se non é mellor chegar a acordos laborais de todo o persoal, en vez de ter que incrementar a partida dedicada a afrontar o pago das sentenzas contrarias, xa fixera unha intervención no anterior Claustro. Coida que a pregunta é bastante acaída. A segunda cuestión é que está totalmente de acordo con que hai que complementar figuras como Ramón y Cajal, e senón considera que tamén é necesario complementar o salario daquelas figuras que comezan o seu proceso na universidade, e que están nunha situación de maior vulnerabilidade e cobran un 25%, 34% ou 44 % menos do salario que corresponde por categoría profesional, a xente que ten unha formación de Grao e de Mestrado, e que ademais non hai axudas suficientes para poder facer estadías no estranxeiro, poder formarse e xustamente competir e chegar a ter novo contrato Ramón e Cajal.

O reitor fala de que no tema de complementar, teremos que ir incrementando os mínimos para que vaian achegándose. Tomamos nota diso. En canto ás sentenzas, o que indica Breogán está moi ben; leva moitos anos, ten dereitos, pero os dereitos deben ser converterse en funcionarios?. É obvio que non, debe superar un proceso selectivo, como nós pensamos que se debe facer, para cumprir cos principios de mérito e capacidade. O contrato de obra e servizo faciase así; algúns fixeron traballos de investigación, pero tamén algúns traballos de carga burocrática, aínda que ao final a tramitación entende que a facían os servizos. Nós como Institución debemos defender que non son funcionarios. Unha cousa é que teñan dereito á indemnización, e outra ben distinta que

teñan dereito a formar parte da RPT da UVigo.

Breogán responde que hai outro tipo de sentenzas, non solo con respecto aos sectores dos que fala o reitor.

Juan Surís: quere presentar en primeiro lugar unha opinión, en segundo lugar formular unha cuestión técnica, e despois unha valoración. Unha opinión: debería presentar as liñas básicas dos orzamentos alguén do equipo de goberno, o reitor, ou vicerreitor, para saber as liñas básicas de actuación, as que se priorizan por parte do equipo de goberno e como se plasma iso nos orzamentos.

O reitor responde que o ano que ven podería a xerente presentar a parte técnica, e da política falar el.

En cuestións técnicas, lamenta que antonte había un documento pendurado na web que non corresponde co que se presenta hoxe no Claustro; sería para corrixir erratas formais, pero pérdese moito tempo.

Despois fala do teito de gasto para o 2024. (Diapositiva de cálculo do teito de gasto para o 2024). Ten un sentido económico evidente, o que se trata é de limitar o crecemento do gasto para que non haxa un desfase entre ingresos e gastos previstos de tal maneira que provoque déficits estruturais graves, e que se teña que recorrer ao endebedamento público. Ese é o sentido da regra do gasto. Di que é economista, non especialista en economía pública nin en contabilidade pública pero algo sabe do tema, engadindo que o incremento autorizado para o vindeiro exercicio económico, unha vez aprobados os orzamentos da Xunta de Galicia, foi do 5% sobre o gasto non financeiro nin afectado, é dicir, gasto non vinculado. Ata aí se actúa correctamente. Pero se vos fixades na forma de calcular o teito de gasto, que se chega a un total non afectado non financeiro de 172 millóns e pico de euros, a iso se lle calcula un 5% por riba, é dicir, se está orzando, para o ano 2024, os gastos previstos na Universidade de Vigo, incrementando a eses 172 millóns un 5%, 8 millóns e pico (a cifra concreta está na diapositiva relativa ao teito de gasto), chegando a 180.788.235,60. Sempre cumpriremos a regra do gasto se é calculado así. Pero ese cálculo está mal realizado, porque ese 5% non se pode calcular así. O erro está en que o teito de gasto se fai con respecto ao exercicio inmediatamente anterior: 161 millóns e pico, e aí o que a Xunta nos deixa é elevar o teito de gasto un 5%. A cifra final exacta que nos daría sería de 170 millóns, que sería a cifra máxima a que poderíamos chegar. Polo tanto estamos incumprindo ese teito de gasto.

Mais cuestións técnicas: o que se comprende en contabilidade pública é que as partes teñen que ser equilibradas, e se revisamos a documentación pendurada na web, observamos que efectivamente o gasto afectado está equilibrado cos ingresos, pero isto non acontece coa previsión dos ingresos e os gastos non afectados. O ingreso non afectado: 165.326.699,68, que é o que nos interesa, xa que o ingreso afectado: 75.973.695 está vencellado a convenios, programas, que son plurianuais, obsérvase que unha vez modificada a táboa onte, se vamos ao orzamento de gastos 2024, vemos que nos gastos aparecen 172 millóns, polo que teñen desaparecido 7 millóns e medio. Hai que revisar as contas porque hai algo que non cuadra.

Outra cuestión, a suma dos subtotais dunha conta debe dar unha cifra total e isto non acontece sempre nestes presupostos; por exemplo, na diapositiva de orzamento de ingresos ten que dar unha cifra de acordo cos datos por capítulo, pero non dá o resultado que se pon, non dá a cifra. O martes no Consello de Goberno non poderemos aprobar un orzamento con semellantes desaxustes, xa que pasa con varias partidas (tamén con taxas e prezos públicos). Hai que corrixilos, e o di con ánimo positivo. Todos somos conscientes de que estamos suxeitos á lei de equilibrio orzamentario e sustentabilidade financeira, e nesa lei expresamente dise que toda administración pública debe ter un equilibrio estrutural nos orzamentos, entre ingresos e gastos, aprobouse xa (a semana pasada) o levantamento da suspensión das regras fiscais, que estivo en vigor durante a pandemia, pero para o 2024 xa temos a obriga de cumprir co equilibrio orzamentario, todas as administracións públicas estamos obrigadas a cumprir co equilibrio

orxamentario. O equilibrio estrutural debe ser coherente, similar, pero se confrontamos os ingresos previstos cos gastos orzados, observamos que temos un déficit estrutural de 32 millóns de euros, non é calquera cantidade, é un 12% do total orzado, e isto é moi serio, estase a incumprir a legalidade. Se só se ten en consideración o gasto non afectado, fala dun déficit estrutural de 17,9 millóns de euros, nin mais nin menos que o 10% do total do gasto orzado. Non quere ser agoreiro, pero supón que cando se elaboraron os presupostos algunha noticia terían da Consellería de Facenda. Vai permitir a Consellería de Facenda aprobar un orzamento que incumpra a regra do gasto e o principio de equilibrio orxamentario? Ogallá que si, pero ten dúbidas.

Conclúe coa súa opinión, percepción, valoración, en termos económico-financeiros. Juan Surís dille ao reitor que había unha herdanza moi xenerosa dos anteriores equipos de goberno, herdanza que se chama un remanente de mais de 30 millóns de euros, que nos dotaba dunha solvencia financeira extraordinaria. A partir da pandemia non había que cumprir as regras de gasto, polo que os déficits estruturais que sistematicamente existían nos orzamentos foran cubertos grazas a que tiñamos unha hucha, os remanentes de tesouraría, que deben utilizarse en situacións extraordinarias. Pero a realidade é que estamos enlazando orzamento tras orzamento nos que a táboa de salvación é o remanente de tesouraría acumulado en todo o período anterior. Realmente dispoñemos no próximo presuposto aínda dun remanente que podamos utilizar? Neste últimos 4 anos houbo un gasto 'a caño libre', non utilizado da mellor forma. Se non temos colchón no futuro teremos moitos problemas porque temos un déficit estrutural. En breve imos ter que recortar persoal. E esta é a realidade. A actuación desta equipa reitoral levounos ao borde dun precipicio, en termos económico financeiros.

O reitor, antes de darlle a palabra á xerente, agradece a Juan Surís e fai un par de comentarios políticos. Alaba a política económica aos anteriores, con discrepancias de onde se debía facer o esforzo. Comenta que nos remanentes dispoñibles tamén había débedas, que aínda estamos a pagar hoxe. Outro día, se quere, ofrécelle a posibilidade de ver as contas con detalle do que herdouse dos anteriores. Pide desculpas aos que traballaron nos documentos pendurados que despois mudaron a última hora pola necesidade xurdida con algúns deles.

A xerente comenta que seguramente o documento o corrixiron varias veces e pide desculpas se o documento non era o que tiña que estar. Envia á Secretaría Xeral a última documentación. En canto á cuestión do equilibrio e dos remanentes, evidentemente estamos financiando co remanente unha parte do presuposto. A tesouraría demostra que temos 50 millóns en caixa, por termo medio, temos ingresos e cremos que podemos afrontalo porque o índice de execución indica que se pode. Así podemos afrontar o presuposto do ano próximo, pero non esquezamos que esta situación de tensión a comparten todas as universidades públicas. Hai previsión do goberno de revisar a financiación, que está enriba da mesa, pero temos que seguir funcionando. Non temos esa visión catastrofista e ameazante.

Manuel Valebona: pregunta se se pode falar do fondo de continxencia, que crece un 230%, e quere saber a que é debido con mais detalle. A xerente comenta que destinase a facer fronte ás posibles sentenzas que podan caer no 2024 (o Consello de Contas xa comentara que era moi baixo na Universidade de Vigo). Os contratos se fixeron en condicións moi diferentes.

A. Álvarez Moreira: unha curiosidade, xa nun Claustro de 2021 presentara por escrito unhas cuestións sobre a posible instalación de enerxía solar térmica nos centros e instalación dun aeroxenerador. A resposta foi, salvo erro, que non era posible, cando agora parece que é posible un aeroxenerador e instalación térmica renovable que aparece nas liñas de actuación presupostarias. Quere saber se entendera mal a resposta no seu momento, ou se lle pode explicar ben os puntos relativos a ese tema.

O vicerreitor de Planificación e Sostibilidade comenta que o equipo de goberno está comprometido coa sustentabilidade, e o punto fundamental é a instalación de enerxías renovables, térmicas e fotovoltaicas. Estamos a vender os excedentes propios cando sobran dun edificio, aínda

que non sexa moi elevado. E con respecto ás instalacións térmicas renovables, estamos con posibles actuacións no edificio Miralles, temos plantexamentos de prolongar un edificio en Pontevedra, e Biomasa en Filoloxía. Tamén substitución de combustibles fósiles polo aeroterminia, unha bomba de calor. Álvarez Moreira comenta que no seu momento dixéranlle que non se podía poñer un aeroxenerador, e o vicerreitor responde que a súa altura non chega a 60 metros e non vai a haber problemas nese sentido.

Álvarez Villamarín: vai falar dos orzamentos. Unha parte relevante xa a adiantou Juan Surís, pero non ven a falar coa xerente. Xa protestara no Claustro do ano pasado porque este formato impide falar de política presupostaria, facer un debate presupostario. Ano tras ano este formato dá unha sensación horrible, xa que o informe do reitor sobre éxitos do equipo, mestura os éxitos colectivos con supostos éxitos do equipo, e tamén están metidas ao mesmo tempo as liñas presupostarias. Pero cando falou da remuda do persoal, por exemplo, non dixo nada de cartos. Despois chega a xerente a presentar os orzamentos, e non fala nada de remuda laboral. O formato de debate é malo. Engade tamén que alguén dixo que non había oposición do PDI, pero haina, que discrepa absolutamente das prioridades do equipo do reitor. Pero cando pode as comenta. Acepta as desculpas, pero hai que dar máis tempo para ver a documentación. Debería aprazarse o debate presupostario, incluso deixalo para o 28 de decembro, un día perfecto para falar de presupostos desta universidade. Outro dos elementos cando se analiza un documento público, relevante para ver se as cousas están razoablemente ben, e ver o equilibrio entre os ingresos e os gastos correntes. E cos datos que tiña ata onde podo chegar, redondeando, fala dun desequilibrio primario de 23 millóns de euros, de acordo cos seus datos. Non somos capaces de ter recursos para abrir a porta. Temos 10 millóns de euros de déficit primario de acordo cos datos proporcionados. Por iso tírase tanto do remanente, estamos asumindo o gasto corrente co aforro, co remanente. Iso é bo ou é malo? Na súa consideración é moi malo, xa que se usa o aforro para o gasto corrente, e preocúpalle porque se está utilizando aforro para a partida de persoal, basicamente. Está seguro de que a Xunta vai aceptar o orzamento, porque estamos en ano electoral, pero segue preocupado. Cando chegue o momento de utilizar o aforro para outras políticas presupostarias, non teremos o aforro. Fai comentarios sobre as palabras do reitor, ao que o reitor resposta que non dixo iso. Un problema é solucionar o tema de persoal, a reposición debida, e outro é que coa incorporación de PDI parece que pasa o mesmo, aínda que por fin o reitor falou de que vai presentar no vindeiro Consello de Goberno liñas para reequilibrar áreas. Dá o dato de que o número de créditos matriculado por PDI a tempo equivalente, simplificando moito, o número de alumnos por profesor, no ámbito xurídico social, multiplica por 5 o número de alumnos por profesor a tempo completo.

Sen embargo, bota en falta un cadro cos datos sobre a estrutura de persoal, non aparece na documentación presentada. A xerente non falou dos retos do 2024. O reitor falou de que o ano que ven teremos bos datos. Nas conclusións da xerente, di que queda por diante o reto do relevo, é dicir, que non está neste presuposto, non hai unha política presupostaria de reequilibrio, a universidade segue usando recursos propios. A racionalización do gasto, queda para diante. Pide que no próximo orzamento estea o uso do remanente dos 5 exercicios anteriores.

O reitor responde que se fala de dous debates que non se deben mesturar, porque entón confúndese. No pasado, Álvarez Villamarín opoñíase a traer máis xente, e o reitor quería que o PDI pasase de 320 horas a 280, logo 270, e logo a 260, Iso pódese facer con menos profesores? Se bota contas, coa súa brillantez como economista, verá que fai falla máis profesorado para impartir esa docencia. Era algo ao que Álvarez Villamarín opoñíase no seu día, e o reitor tiña un punto de vista diferente e optaba pola redución de horas a impartir polo PDI. A LOSU muda bastantes cousas. O desequilibrio existía desde fai moitos anos, non neste mandato.

Xoán Cebro: comeza falando da racionalización do gasto, que quizais teñamos unha gran hucha porque se aforrou moito no PAS nos últimos anos. Hai un malestar no PAS, bastante grande. De un tempo a esta parte, no menosprezo dentro do seu traballo que se reflicte na implantación de

